



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE LOBIOS EN DATA VINTENOVE DE NOVEMBRO DO ANO DOUS MIL OITO.

No Salón de Actos da Casa Consistorial do Concello de Lobios, sendo as once horas do día vintenove de novembro do ano dous mil oito, trala correspondente convocatoria e baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. José Lamela Bautista, da comezo a sesión ordinaria ao existir quórum suficiente ao contar coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D. Manuel Paz León

D. Tomás Fernández González.

D. Fernando Rodríguez Broullón.

D. Benito Vázquez Vázquez

Dna. María del Carmen Yáñez Salgado

Dna. María Belén González González

D. Antonio Estévez González

D. Jesús Deibe Fernández Simo.

D. Cayetano Carballo Suárez

D. Francisco Veloso González (Chegou as once horas e quince minutos).

Actúa como Secretaria, o Secretaria da Corporación, D^a. Laura Fernandez Permuy.

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar os asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA VINTESETE DE SETEMBRO DE 2008.

Téndose remitido ós Sres./as. Concelleiros/as acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseite de novembro do ano dous mil oito, o Sr. Alcalde convida ós asistentes a que manifesten a súa conformidade, reparos ou observacións ó texto proposto

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que na paxina 11 do acta , onde fai referencia ao artigo do periódico era para indicar que se manifestou que no acto podía participar todo o mundo. Continua dicindo que na paxina 14 cando se puxo "...desta maneira se beneficia a persoas de fora do Concello" non é a expresión debida xa que eles non están en contra das persoas de fora do Concello senon que o que queren é beneficiar as persoas do Concello.

Sometida a votación a aprobación da acta da sesión plenaria ordinaria celebrada en data vinteseite de setembro de dous mil oito, resultou aprobada coas observacións indicadas, por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, D. Manuel Paz León, D. Tomás Fernández González, D. Fernando Rodríguez Broullón, D. Benito Vázquez Vázquez, Dna. María del Carmen Yáñez Salgado, Dna. María Belén González González, D. Jesús Deibe Fernández Simo e D. Cayetano Carballo Suárez, (nove votos a favor).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

ABSTENCIÓNS: Sres./as Estévez González (por inasistencia ao Pleno) e Veloso González (por inasistencia) (dúas abstencións)

PUNTO SEGUNDO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO Nº 01/2008

Tendo en conta a Proposta de Alcaldía que se recolle:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (as facturas expedidas polos diferentes acredores, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o Informe de Secretaria- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extrajudicial de crédito, por importe total de trinta e tres mil trescentos setenta e cinco euros con setenta e cinco céntimos (33.375,75 €), co seguinte detalle:

PROVEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
UNIÓN FENOSA	Relación Facturas Subministro Luz publica mes setembro 07	51.22100	10.937,94 €
UNIÓN FENOSA	Relación Facturas Subministro Luz publica mes novembro 07	51.22100	11.260,56 €
TELFÓNICA	Relación de Facturas Subministro de telefono do centro de Saúde meses setembro, outubro, novembro e decembro	41-222.00	590,10 €
TELFÓNICA	Relación de Facturas Subministro de fax do centro de Saúde meses setembro, outubro, novembro e decembro	41-222.03	46,18 €
TELFÓNICA	Relación de Facturas Subministro de telefono de protección civil meses setembro, outubro, novembro e decembro	22-222.05	734,34 €
REPSOL YPF	Relación de facturas subministro combustible meses decembro 2006, xuño 2007 xullo 2007 e agosto 2007	22-221.03	9.806,63 €
	SUMA TOTAL		33.375,75 €

2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xere.”

Concedida a palabra ó Sra. González González, di que lle parece excesivo o consumo do mes de outubro de 2007 do Centro de Saúde.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que non se ten control do gasto do Centro de Saúde

Concedida a palabra ó Sra. Gonzalez Gonzalez, di que haberá que ter un control dos gastos

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que se suman ao dito pola Sra Gonzalez e que ademais quere saber a que se deben os gastos de Protección Civil.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vazquez Vazquez, indica que hai que ter un control dos gastos e revisar as facturas



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Concedida a palabra o Sr Paz León indica que xa se falou con Protección Civil, pero que é difícil controlar as chamadas xa que debeu a súa actuación co 061 teñen que chamar moito para indicar se xa chegaron, se están libres, etc..

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que se pode ver na factura as chamadas a fixos e lles di que teñan ollo coas chamadas.

Neste intre, sendo as once horas e quince minutos se incorpora ao Pleno o Sr Veloso Gonzalez.

Toma a palabra o Sr. Alcalde – Presidente e indica que se tera maior control dos gastos e que o Centro de Saude pasara ao Sergas cun Convenio.

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓN: Sr Veloso González (unha abstención)

PUNTO TERCEIRO: DECRETOS DO MES DE AGOSTO E SETEMBRO DO 2008.

O Alcalde-Presidente, Sr. Lamela Bautista, pregunta ós concelleiros se queren facer algunha observación respecto a esta dación en conta, respostando que non e dándose por enterados.

PUNTO CUARTO: MOCIÓNS DOS GRUPOS POLÍTICOS PRESENTADAS NO REXISTRO MUNICIPAL.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se presentan cinco asuntos polo BNG pero que catro delas no son competencia do Pleno.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que quere diferenciar entre a moción e o outro escrito que leva o logo da Tenencia de Alcaldía no que se inclúen asuntos a tratar no Pleno e o Pleno ten a competencia de debate político

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que no Art. 22 da Lei 7/1985 non se recolle a competencia de debate político.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que hai que debater no Pleno e era unha proposta para incluír os seguintes puntos:

1.- Dar conta e amosar a conformidade dos diferentes grupos coa sinatura de Convenio coa consellería de vivenda e solo para a primeira fase da adecuación do entorno de espazo público de gran valor patrimonial na zona de Pazos segundo o exposto no informe anexo e compromiso de todos os grupos de conformidade coa reserva de 42.240 euros de fondos municipais como apartación é cofinanciación do proxecto

O Sr. Fernández Simo indica que se axuntaba unha memoria valorada e en que consiste a 1ª fase e quere traelo ao Pleno xa que o Concello tería que aportar na primeira fase o 20 % e nas dúas ultimas o 10% e debido a que debe aportarse diñeiro quere que os grupos políticos teñan coñecemento e indiquen se queren que se siga para diante ou non.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que as melloras para Lobios sempre serán ben vistas pero o problema esta en que a situación económica non é boa e ademais non se sabe se é para este ano ou para anos futuros xa que non existe ningún convenio e a forma de traballar é ter o Convenio e despois se estudia a maneira de obter a parte do Concello, así por exemplo co obradoiro se conseguiron os medios económicos por outra parte



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

porque o Concello non ten medios económicos, así que debe traballarse nesta vía conseguindo as cousas a custe cero para o Concello.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que esta de acordo co Sr Alcalde xa que non se debe votar se non hai medios económicos para poder afrontalo

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica en primeiro lugar que pide desculpas por chegar tarde, continua dicindo que debe indicarse na orde do día as mocións que se presentan, indica que o tema lle interesa pero entende que para facer a obra hai que traer un proxecto, e metelo nun segundo Pleno , en canto ao problema de diñeiro indica que tanto o Tenente de Alcalde como o Alcalde cobran para conseguilo.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que agradece á Consellería a proposta que se lle fai ao Concello, a cantidade que debe aportar o Concello é de 42.000 € que é unha cantidade asumible polo Concello, continua dicindo que haberá que abrochar o cinturón pero o que non se pode é paralizar o Concello e os niveis de inversión se teñen que manter neste caso o Concello ten que aportar na primeira fase o 20 % e nas seguintes o 10 %, e as obras que se van facer son eliminar o asfalto, por cabres para a iluminación e crear unha zona de paseo.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que todos están de acordo nas obras, pero que debe conseguirse a parte que debe asumir o Concello e conseguir outras subvencións para iso, continua dicindo que o primeiro que debe traerse é Convenio, e despois se estudia como conseguir os fondos.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que non vai facer é conseguir que se reserve a partida para que despois pase o que pasa sempre, continua dicindo que el conseguiu o Convenio, pero que non ten capacidade para conseguir a parte que ten que aportar o Concello.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que no Concello se perderon moitas subvencións por non ser capaces de afrontar a parte que lle corresponde ao Concello xa que todos coñecen a situación económica do mesmo.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que entende que para facer a obra é preciso un proxecto, por outro lado pide aos gobernantes que se poñan de acordo arriba e que se o Concello ten que poñer diñeiro que conste no orzamento e así se votaría por unanimidade, pero debería de haber unha proposta.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que a proposta debe firmarse pero que prefire traer ao Pleno o asunto para que se acorde comprometerse a por a cantidade que lle corresponde ao Concello

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que todos están de acordo en que as obras deben facerse pero pregunta se hai algunha nota ou escrito da Consellería.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, responde que non, pero o que se propón é que o Concello se comprometa, no seu caso, a aportar a cantidade que lle corresponde.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que non existe nin un proxecto.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que por parte do Sr Arquitecto se fixo unha memoria, continua dicindo que o que non se pode é pedir á Consellería que reserve a cantidade e despois non se leve para adiante, por iso debemos comprometernos a reservar os 42.040 € para aportar esa parte.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que non se lles pasou dita memoria.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que iso é quitarlle as súas facultades, continua dicindo que nos orzamentos non se deixou diñeiro para investimentos e esta actuación esta funcionando xa que o que se debe facer é traballar mais e conseguir subvencións co 100% par que o Concello non teña que poñer diñeiro.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que pretende é que haxa unha garantía par levar para diante estas obras.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que o Concello debería comprometerse a aportar a cantidade sempre que se consiga o convenio.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que se intentara conseguir a cantidade sempre que haxa un convenio do que el aínda non ten coñecemento.

Sometida este acordo a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González , González González, Fernández Simo, Carballo Suárez Sr Veloso González (once votos a favor).

2.- Propor para o debate en pleno o arranxo e acondicionamento do camiño do Barreiro dende o cruce de zapateiros tal e como foi petitionado por escrito veciñal que se adxunta e que foi presentado no rexistro municipal.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que se pretende é ter en conta o escrito presentado polos veciños de camiño de Barreiro, xa que como é sabido ese camiño esta nunhas condicións lamentables, polo que debe ser arranxado.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que ten coñecemento do comunicado de Barreiros, continua dicindo que sabe como están os camiños, sabe que o apoia moita xente pero que ese problema se ten en moitas zonas do Concello e iso non lles permite facer todos os gastos que quixeran, indica que mediante a COTOP se conseguiu arranxar a Estrada de Portela D`Home, a Estrada de Herdadiña, o aparcadoiro de Lobios por valor de 1.700.000 € e a Estrada de Bande por importe de 1.400.000 €, tamén se traballou coa Deputación na Estrada de Grou e a Estrada de Valoiro, tamén se fixo a Estrada da Vila, tamén se conseguiu pavimentar Herdadiña, A Lama e Silvares, indica que esa é a maneira de traballar e que se debe seguir traballando así, xa que sigue habendo moito que facer.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que ten coñecemento dun escrito de data 12-05-08, firmado polos veciños do camiño do Barreiro por onde non cabe un coche, e que é un núcleo rural incluído no PXOM que debe ter servizo de luz, telefono, e ambulancia e non darlle isto é unha discriminación, considera que debe ampliarse o camiño para que poidan pasar o coche de bombeiros e a ambulancia xa que non facelo seria unha discriminación.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que ninguén se opón a este razoamento e se faría cando se poda pero que Lobios ten 73 núcleos e as limitacións do Concello son as que son.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que non se poden esquecer o resto dos núcleos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que neste caso se solicita por escrito unha mellora deste núcleo e debe facerse o que se pide e se despois veñen mais escritos doutros veciños tamén se terán en conta e el sempre votara a favor e non facelo seria unha discriminación.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que están todos de acordo pero que o problema é a financiación.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que pode incluírse nos Plans Provinciais.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que debe conseguirse a financiación por medio das Consellerías, xa que os Plans Provinciais son unha posibilidade pero este escrito non é o único que existe e existen mais escritos doutros veciños polo que o acordo pode ser o de buscar por medio das Consellerías e por todos os medios conseguir diñeiro para poder facer fronte as obras do Camiño de Barreiro. Polo que se propón facer fronte as obras do Camiño do Barreiro, condicionado á posibilidade económica do Concello.

Sometida esta proposta do Sr Alcalde a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez Sr Veloso González (once votos a favor).

3.- Creación dunha Comisión Municipal para consensuar e fixar as cantidades a aportar as entidades culturais e deportivas do noso Concello no que resta de lexislatura.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que o que se pretende é consensuar as cantidades a aportar por parte do Concello para as subvencións e o que se de sexa determinado por unha comisión formada polos grupos políticos.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a cantidade debe determinarse en función do orzamento de cada ano.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que a comisión debe propoñer unha cantidade que despois se sometera a Pleno.

Sometido este acordo a votación, resultou aprobada por unanimidade dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez Sr Veloso González (once votos a favor).

4.- En cumprimento do mandado plenario adoptado no anterior pleno ordinario ordenar a inmediata apertura do libro de visita na páxina web municipal nun prazo non superior a 5 días dende o presente pleno

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que este punto se retira xa que se vai a activar .

5.- Moción presentada polo BNG

“MOCIÓN “ HOMENAXE A LITO”.

Deibe Fernández Simo, portavoz do BNG de Lobios, e Cayetano Carballo Suárez, na condición de concelleiro, ambos membros do grupo municipal do BNG presentan para o seu debate e posterior votación no vindeiro pleno ordinario a seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Na sociedade actual é fundamental rescatar toda a serie de valores que poidan ser usados de xeito referencial pola sociedade e especialmente polos nosos mozos e mozas. Coa recente posta en marcha das novas instalacións deportivas do pavillón municipal compartimos a satisfacción que para todos os veciños implica a posibilidade de disfrutar desta infraestrutura.



CONCELLO DE LOBIOS

Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

Dende o BNG de Lobios entendemos que é esta unha oportunidade para realizar unha homenaxe a un referente histórico do deporte en Lobios como foi Xosé Manuel Vieira Ferreira “Lito”. O prestixio de Lito ven xustificado por unha forma concreta de entender o deporte ao tempo dunha identificación clara de todo un pobo con un deportista. Esta homenaxe debe de ser un reflexo colectivo de todo o que representou e simbolizou a actitude deste deportista . O BNG que re que esta sexa unha moción de todos os grupos políticos polo que convida ó resto da formación a que compartan de xeito unánime esta iniciativa.

ACORDOS.

1. Declaración institucional do Pleno acordado denominar no novo pavillón de deportes como Pavillón municipal Xosé Manuel Vieira Ferreira “Lito”
2. Realizar unha no pavillón municipal no mes de decembro ao tempo que se inaugure o pavillón na cal participemos todos os grupos políticos de xeito unánime mediante a colocación dunha que sexa descuberta pola familia e a realización dun maratón de fútbol.

En Lobios a 22 de novembro de 2008.”

Toma a palabra o Sr. Fernández Simo e indica que é unha moción que debe ser asumida por todos para que o Pavillón pase a chamarse pavillón de deportes “ Xosé Manuel Vieira Ferreira “ Lito”

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que a figura de Lito é unha figura entrañable e esta de acordo co proposto pero ten que obxectar é que o pavillón estaa sen rematar e esta moción pode ter un fin de protagonismo político polo que debe deixarse para despois das eleccións.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, indica que sería un acordo no que participan todos e quen descubriría a placa sería a familia.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr Vázquez Vázquez, indica que esta de acordo co Sr Alcalde e que é mellor deixalo Municipal e esperar tres ou catro meses.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que debe ser unha proposta conxunta de todos.

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e propón que se deixe para outro momento e se faga unha proposta conxunta de todo

Sometida a votación a proposta do Sr Alcalde, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Estevez González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (once votos a favor)

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que en base ao artigo 91.4 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro se inclúe por urxencia o recoñecemento extraxudicial nº 2/08 no que se recoñecen as débedas existentes coa axencia tributaria e que deben pagarse para poder pedir o certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias para iniciar o obradoiro.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Estevez González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (once votos a favor)



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Por parte do Sr Alcalde dáse lectura da Proposta de Alcaldía que se recolle literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente.

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o Informe de Secretaria- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de mil trescentos setenta e seis euros con trinta e catro céntimos (1.376,34 €), co seguinte detalle:

	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
AXENCIA TRIBUTARIA	IVE outras liquidacións practicadas pola Admon. 2005 liquidación provisional IVE	12.22608	235,53
AXENCIA TRIBUTARIA	Sanción tributaria 2004	12.22608	75,00
AXENCIA TRIBUTARIA	Sanción Tributaria 2005	12.22608	37,50
AXENCIA TRIBUTARIA	Canon control de vertidos 2007	12.22608	1.028,31
	SUMA TOTAL		1.376,34 €

2º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xere.”

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓN: Sr Veloso González (unha abstención)

Toma a palabra Sr. Alcalde – Presidente e indica que tamén se inclúe por urxencia o recoñecemento extraxudicial nº 3/08 no que se recoñecen a débeda existente coa Carpintería Regueira e que deben pagarse para xa que se presentou unha reclamación previa á vía xudicial.

Sometida a votación a urxencia, resultou aprobada por unanimidade dos concelleiros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Yáñez Salgado, Vázquez Vázquez, González González, Estevez González, Fernández Simo, Carballo Suárez e Veloso González (once votos a favor)

Por parte do Sr Alcalde dáse lectura da Proposta de Alcaldía que se recolle literalmente:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Vistos os documentos que integran o expediente (a factura expedida polo acreedor, así como a acreditación da existencia de crédito dispoñible, suficiente e axeitado para facer fronte ó recoñecemento das correspondentes obrigas).



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

Considerando que na súa tramitación cúmprense os requisitos que sinala a lexislación vixente nesta materia (artículo 60 do Real Decreto 500/90, de 20 de Abril, o artículo 50 do Real Decreto 2.568/86, de 28 de novembro e artículo 448 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril) e visto, asimesmo, o Informe de Secretaria- Intervención, propónse a adopción do seguinte acordo,

1º) Que se dilixencie a recepción e conformidade da factura.

2º) Que se aprobe o recoñecemento extraxudicial de crédito, por importe total de novecentos dezaseis euros con corenta céntimos (916,40 €), co seguinte detalle:

PROVEDOR	CONCEPTO	PARTIDA	IMPORTE
Carpintería Regueira	Reparación de Obradoiro Casa Grou	43.21001	916,40 €

3º) Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xere.”

Sometida esta proposta a votación, resultou aprobada por maioría absoluta dos membros presentes, co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres./as. Lamela Bautista, Paz León, Fernández González, Rodríguez Broullon, Vázquez Vázquez, Yáñez Salgado, Estévez González, González González, Fernández Simo, Carballo Suárez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓN: Sr Veloso González (unha abstención)

PUNTO QUINTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do PP, Sr. Vázquez Vázquez, indica que quere que se lle de unha resposta a pregunta que fixo no Pleno anterior. Continua dicindo que quere saber que tramite se lle deu ao Balneario.

Toma a palabra o Sr Alcalde – Presidente indicando que non esta pechado pero que se vai facer un inventario pola Deputación e se fixara todo o que hai que inventariar.

Concedida a palabra ó Voceiro do Grupo Político Municipal do BNG, Sr. Fernández Simo, pregunta por que non se poñen as notas informativas das areas de goberno. Continua dicindo que se fixo un acto de inauguración do Polideportivo á que non se lles invitou e que tamén hai un acto da Banda que se comunicou pero debe comunicarse antes. Outra cuestión que presenta e en relación ao PXOM que é un tema de especial transcendencia que debe estar separado de todo grupo político. Por ultimo quere clarificar que houbo cartos destinados aos servizos sociais que non se puideron xestionar por cuestións técnicas.

Toma a palabra o Sr Alcalde – Presidente respostando que non se fixo ningunha inauguración xa que unicamente se fixo un magosto, en relación á festa de Sta. Cecilia pide desculpas xa que se equivocou na data e cando se lle comunicou fixo a distribución das invitacións. En canto ao PXOM contratouse a empresa seguindo todos os elementos xurídicos necesarios e preceptivos.

Concedida a palabra ó representante do Grupo Mixto, Sr. Veloso González, indica que para evitar futuros problemas se expresen na Orde do Día as mocións que se presenten. Indica que debe darse publicidade a modificación do PXOM xa que vai a afectar a todos. Respecto ao auga termal de Riocaldo debe chegarse a un acordo coa propietaria e destinar para uso público determinados litros de auga. Indica tamén que debe respetarse “ as pontes de Lobios “ que están catalogadas e que en especial na Ponte de Pazos debe quitarse o chapapote e iluminarse. Por ultimo pide tanto ao grupo do BNG como ao do PSOE que se entendan e que traten entre os dous de que realmente chegue diñeiro ás obras do Concello de Lobios.



Estrada de Portugal, 27
32870 – Lobios – Ourense (España)
Tfno.: 34 988 44 80 00
Fax.: 34 988 44 80 14
<http://www.lobios.org>
lobios@lobios.org

CONCELLO DE LOBIOS

E non habendo mais asuntos que tratar o Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e cinco minutos do día anteriormente sinalado, do que eu como secretaria dou fe.

O Presidente

O Secretario

Asdo.: José Lamela Bautista

Asdo.: Laura Fernandez Permuy